

FEDERACIÓN GALEGA DE BAILE DEPORTIVO E COMPETICIÓN

A 23 de Marzo de 2026 en formato online ás 22:30, reúnense os 5 membros da Comisión Delegada da Federación Galega de Baile Deportivo e de Competición en primeira convocatoria.

Ordes do día.

1. Comprobación de quórum.
 2. Lectura e aprobación dos cambios do regulamento de licencias.
 3. Lectura e aprobación dos cambios do regulamento de Campionatos Galegos.
 4. Lectura e aprobación dos cambios do regulamento da Liga Galega de Hip Hop.
 5. Lectura e aprobación dos cambios do regulamento da Selección Galega.
 6. Elección dos membros da Comisión Delegada.
 7. Rogos e preguntas.
-

Da comezo a reunión ás 22:39, tras a entrada de todos os membros explicando brevemente todos os puntos que se falarán na reunión con obxectivo principal as aprobacións das modificacións dos regulamentos e a elección dos membros da comisión xestora.

1. Comprobación de quórum.

Acoden os cinco membros da Comisión Delegada da FGBD dos seguintes estamentos:

- Deportistas: Laura Marcote Domínguez.
- Técnicos: Magali Piedra Gutiérrez.
- Xuíces: Sandra García Pérez.
- Clubs: Club RitmoLugo e Club de Baile Deportivo Narón.

2. Lectura e aprobación dos cambios do regulamento de licencias.

A presidenta, M^a Graciela Toba Rodríguez, toma a palabra lendo os cambios que se requiriron dende a Secretaria Xeral para o Deporte.

Procedese a súa votación e aprobase de maneira unánime.

3. Lectura e aprobación dos cambios do regulamento dos Campionatos Galegos.

A presidenta, M^a Graciela Toba Rodríguez, toma a palabra lendo os cambios do regulamento dos campionatos galegos, facendo referencia as modificacións realizadas dende a Federación Española, adaptándonos aos grupos de idade da mesma para a especialidade de Bailes Caribeños e engadindo ao grupo xuvenil 1 nas modalidades de Bailes Latinos e Standard un terceiro baile, tamén seguindo a normativa da española

Procedese a súa votación e aprobase de maneira unánime.

4. Lectura e aprobación dos cambios do regulamento da Liga de Hip Hop.

A presidenta, M^a Graciela Toba Rodríguez, toma a palabra ca lectura do regulamento da Liga de Hip Hop facendo fincapé nos cambios que se realizaron con respecto á anterior tempada.

Procedese a súa votación e aprobase de maneira unánime.

5. Lectura e aprobación dos cambios do regulamento dos Selección Galega.

A presidenta, M^a Graciela Toba Rodríguez, toma palabra lendo os cambios da normativa con respecto a tempada anterior, comenta que seguindo as propostas dos diferentes membros da federación intentou adaptarse o regulamento.

Román comenta que non se debería valorar a participación para os campionatos galegos e de españa de 10 bailes para dar as mesmas oportunidades a todos os deportistas que solo fagan latinos ou standard, polo que por un acordo de todos os presentes acordase que nos rankigs de latinos e standard non se sumará a puntuación que corresponda aos campionatos galegos e de españa de 10 bailes.

Procedese a súa votación e aprobase de maneira unánime.

6. Elección dos membros da Comisión Delegada.

A presidenta M^a Graciela Toba Rodríguez toma a palabra indicando que se deu comezo ao trámite electoral e que a comisión delegada debe elixir catro membros de esta comisión xestora e catro suplentes de xeito que todos os estamentos queden representados, os catro membros restantes e os catro suplentes serán elixidos pola Xunta Directiva segundo indica o regulamento. Explica brevemente a funcionamento deste órgano e a Comisión Delegada decidiu que os membros da Comisión Xestora sexan:

Titulares:

- Don Miguel Abreu Fernández – Xuíz
- Don Brais Vázquez Salvador – Deportista
- Dona Luisa Silva – Técnico
- Dona Noemí Cendán – Deportista

Suplentes:

- Dona Naiara Carreira Canosa – Deportista
- Don Juan Carlos Romero – Club Sondodance
- Dona Noelia Rey Argibay – Deportista
- Don José Seoane – Técnicos

A presidenta comenta que ela ostentará a presidencia, ademias a Xunta Directiva nomeará a:

Titulares:

- Dona Alba Mourelle Costa – Deportista
- Dona Belén Pedreira – Deportista, ademais ostentará o cargo de Tesoureiro.
- Don Andrés Parga González – Deportista, ademais ostentará o cargo de Secretario.
- Don Francisco Meana – Club A Espiral Breaking

Suplentes:

- Don Jesús Marcos Doval – Club CBD Narón
- Dona Laura Marcote Domínguez – Deportista
- Dona Sandra García Pérez – Xuíz
- Don Román Romero - Técnico

7. Rogos e preguntas.

Non existen rogos e preguntas.

E de non haber máis puntos que tratar, dáse por finalizada reunión de comisión delegada, ás horas 23.06 do día e lugar sinalados anteriormente.

Remítese o acordado á Secretaría Xeral do Deporte da Xunta e certifican a realidade dos acordos adoptados e o contido desta acta,

Vº Bº A Presidenta

Secretaria